



DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA 2012.

O vindeiro luns, **1 de Outubro**, celébrase o **Día Mundial da Arquitectura**, que nesta edición ten como tema **“O arquitecto: axente transformador da cidade”**, e que, a partir desta idea, tentará chamar a atención sobre obras pertencentes ao Movemento Moderno e incluídas no catálogo da Fundación DoCoMoMo Ibérico.

Neste ámbito, e da man da Fundación Docomomo Ibérico, vaise dedicar o Día da Arquitectura 2012 á colocación de placas informativas en edificios senlleiros da arquitectura moderna, incluídos no Rexistro Docomomo Ibérico. Esta iniciativa constitúe unha chamada de atención sobre o Patrimonio do Século XX, un patrimonio cunha fragilidade que require especial atención. Efectivamente, os novos edificios modernos que se empezaron a construír a partires de 1925 en España e Portugal non só experimentaron novos programas e formas, senón que o fixeron con novos materiais e tecnoloxías, pouco ensaiados ata entón. A súa posta ao día e a súa adecuación ás normativas actuais produciron unha mingua dos valores patrimoniais destes edificios. Por outra parte, por tratarse dun patrimonio abundante e moi recente é, en moitas ocasións, pouco valorado pola sociedade e as administracións responsables da súa protección. Nesta edición vanse colocar 64 placas en toda España, co obxectivo de ir ampliando este número nun futuro.

O Colexio de Arquitectos de Galicia, a través das súas sete delegacións, colocará placas identificativas nos edificios máis emblemáticos da época nas súas zonas. É unha homenaxe cargada de intencionalidade e tamén dunha aposta renovada pola continua transformación da cidade, polo seu mantemento necesario e a súa mellora imprescindible.

DELEGACIÓN	TEMA
A CORUÑA	Lonxa de Gran Sol. Porto da Coruña
FERROL	Poboado das Veigas, As Pontes
LUGO	Casa da Roca, de Eloy Maqueira na Praza Maior de Lugo
PONTEVEDRA	Poboado mineiro de Fontao. Vila de Cruces
SANTIAGO	Polígono de Vite. Santiago
VIGO	Recorrido urbano que rematará na sede da delegación

Alén diso, cada unha das delegacións complementa a semana con actividades diversas:



LUNS 1

DÍA MUNDIAL DE LA ARQUITECTURA

Ás **13.30 h.** realizarase unha visita aberta ó público ó edificio da **Lonxa de Gran Sol**, no porto da Coruña. Esta visita estará guiada e comentada por D. Fernando Agrasar Quiroga, director da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.

MARTES 2

“LA FACHADA OCULTA. ARQUITECTURA DE LA SEGUNDA MODERNIDAD EN CORUÑA”

na **Sala de Cultura** da Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ás **20.00 h.** (C/ Federico Tapia 62, Baixo).

Conferencia impartida por D. Antonio S. Río Vázquez, arquitecto e profesor na ETSA da Coruña, sobre a arquitectura coruñesa dos anos cincuenta e sesenta, centrándose en obras proxectadas por arquitectos que asumen a modernidade dunha maneira crítica e reflexiva, configurando cas súas obras unha nova fachada urbana.

MÉRCORES 3

“A CORUÑA, UNHA CIDADE EN DESENVOLVEMENTO”. Sesión de documentais do CGAI

A Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en A Coruña en colaboración co CGAI (Centro Galego de Artes da Imaxe) presenta unha sesión de proxeccións de documentais de Ramón Sáiz de la Hoya, que dan unha visión da nosa cidade na época do “desarrollismo”, con introdución a cargo de D. José Manuel Sande, programador do CGAI e da Filmoteca de Galicia. Proxectaranse os seguintes documentais:
“**La Coruña, ciudad en la que nadie es forastero**” [Ramón Sáiz de la Hoya, 1965, 20']
“**Así crece una ciudad**” [Ramón Sáiz de la Hoya, 1967, 14']
“**Accesos a la Coruña**” [Ramón Sáiz de la Hoya, 1971, 11']

“UNIDAD VECINAL Nº3” Charla de D. Miguel Toba Blanco sobre o edificio de J. A. Corrales

na **Sala de Cultura** da Delegación ás **20.00 h.** (C/ Federico Tapia 62, Baixo)

Ao remate das proxeccións, terá lugar unha charla impartida por D. Miguel Toba Blanco, arquitecto e autor do libro “Unidad Vecinal Nº3”, sobre o edificio de vivendas de Jose Antonio Corrales no Barrio das Flores, Elviña.

XOVES 4

Obradoiro de arquitectura para nenos: “IMAXINA O TEU BARRIO”

Gratuito. Na **Sala de Cultura** da Delegación ás **17.30.h.**(duración 2,5 horas)
C/ Federico Tapia 62, Baixo.

¿Cómo é o barrio no que vivo?, ¿Gústame?, ¿boto algo en falta?, ¿qué cambiaría?, ¿é sostible?



Tendo en conta todas estas preguntas como punto de partida, **imaxinaremos, pintaremos e montaremos o barrio no que nos gustaría vivir** Desenrolado por A Casiña de Lucas, iniciativa de Patricia Parada (arquitecta) e a Delegación da Coruña do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

VENRES 5

Inauguración da exposición "ARQUITECTURA CONSTRUCTIVISTA EN MOSCÚ 2012"

na **sala de exposicións** da Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ás **20.00 h.** (C/ Federico Tapia 64, Baixo)

Esta mostra levada a cabo en colaboración ca Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña expoñerase simultaneamente nas sedes de ambas institucións. A exposición recolle imaxes de 30 edificios, unha pequena parte das máis de 500 obras de vangarda catalogadas, só na cidade de Moscú.. Obras de A. Shchsev, G. Yakovlev, I. Frantsuz, I. Rerberg, I. Fomin, G. Barkhin, S. Chernyshev, N. Volkov, V. Bibikov, Ostrovskiy, S. Kozlov, I. Nikolaev, N. Travin, B. Blokhin, I. Yozefovich and "ASNOVA" Group Members, G. Volfenzon, I. Golosov, S. Pen, M. Barshch, M. Sinyavskiy, N. Ladovskiy, V. Shukhov, deténdonos en K.S. Melnikov, o mestre máis internacional dentro desta pléiade xenial de arquitectos. Complétase esta visión, ca elaboración por parte de alumnos e profesores de Proxectos e Estruturas de 3º curso da ETSA da Coruña, de cinco propostas de rehabilitación do máis famoso club obreiro de Melnikov, o Rusakov; e tres de homenaxe ás fantasías do mestre para o "Parque da Cultura", hoxe Parque Gorky.



A Delegación de Ferrol do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia decidiu dedicar este día no ano 2012 ao **Poboado das Veigas**, no Concello de As Pontes, e organizar **tres actividades**, en colaboración co Concello de As Pontes e o Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo da Universidade da Coruña.

LUNS 1

“O POBOADO DAS VEIGAS NA HISTORIA URBANA DE GALICIA”. Charla

na Casa Dopeso de As Pontes o día 1 de Outubro ás 19:00 horas.

Charla a cargo do profesor titular da ETSA da Coruña **Xosé Lois Martínez Suárez**, baixo o título **“O Poboado das Veigas na historia urbana de Galicia”**.

LUNS 1 – XOVES 4

“O POBOADO DAS VEIGAS NA HISTORIA URBANA DE GALICIA”. Exposición

na sala de exposicións do Mercado Vello

Exposición “O Poboado das Veigas na historia urbana das Pontes”, que se inaugurará ao remate desta charla na sala de exposicións do Mercado Vello, e que estará aberta o público ata o día 4 de novembro.

SÁBADOS, 6-27 OUTUBRO

“UNHA CASA NAS AFORAS”. Ciclo de cinema

no auditorio municipal Cine Alovi, de As Pontes

Ciclo de cinema “Unha casa nas aforas” con catro películas que reflexionan sobre a vida na periferia da cidade. Os filmes proxectaranse os sábados 6, 13, 20 e 27 de outubro, a partires das 20.00 horas no auditorio municipal Cine Alovi, de As Pontes, e serán:

- LAS HORAS, de Stephen Daldry, 2002
 - EL SHOW DE TRUMAN, de Peter Weir, 1998
 - MULHOLLAN DRIVE, de David Lynch, 2001
 - REVOLUTIONARY ROAD, Sam Mendes, 2008
-



Este ano a Delegación de Lugo do Colexio de Arquitectos de Galicia dedicará o Día Mundial da Arquitectura de modo xeral á arquitectura do Movemento Moderno, e de xeito concreto a poñer en valor a obra e o traballo do arquitecto **Eloy Maquieira Fernández** (1901-1944).

A figura de Eloy Maquieira rexistra no seu traballo, ao igual que outros arquitectos desa época en Lugo, este profundo respecto pola cidade e a súa historia, pero co fin de transformala e melloralala.

Así, a Delegación desenvolverá unha serie de actos e actividades ó longo da primeira semana de outubro.

LUNS 1

“COLOCACIÓN DUNHA PLACA NA CASA DA ROCA”

Na Praza Maior 6-7, Lugo, **ás 13:00 horas**

Colocación dunha placa na Casa de Roca de recoñecemento a nivel nacional do Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España por estar esta obra incluída no Rexistro da Fundación Docomomo Ibérico.

LUNS 1-VENRES 5

“ENTRADAS NA WEB CON CADA UN DOS EDIFICIOS RECOLLIDOS NO REXISTRO DO MOVEMENTO MODERNO NO ÁMBITO DA DELEGACIÓN”

na súa web <http://www.coaglugo.es/gl/>

Deste xeito preténdese informar do seu interese, O tempo que poñer en valor a boa arquitectura, e aos seus autores, os arquitectos.

“ROLDA DE PRENSA”

Informarase á cidadanía lucense, a través dunha **rolda de prensa**, de dous acordos adoptados polo Concello en colaboración coa Delegación de Lugo do Colexio de Arquitectos, co fin de recuperar e recoñecer a figura de Eloy Maquieira Fernández, o seu traballo e o valor do mesmo para a cidade de Lugo.

AO LONGO DO OUTONO

“EXPOSICIÓN SOBRE A FIGURA DE ELOY MAQUIEIRA”

Dentro dos actos, motivados polo lema deste día mundial, está previsto celebrar durante o outono unha exposición na Delegación sobre a arquitectura desta época en Lugo así como unha conferencia sobre a figura de Eloy Maquieira e o seu tempo.



Pendente de confirmación.



Na delegación de Pontevedra será colocada unha placa **informativa de arquitectura moderna incluída nos Rexistros DOCOMOMO Ibérico** ao Poboado Mineiro de Fontao, obra dos arquitectos César Cort García-Tortosa e Joaquín Basilio Bas, e construído no concello pontevedrés de Vila de Cruces nos anos 50 do século pasado, exemplo indiscutible dunha época e un xeito de facer arquitectura.

Convócase así a tódolos colexiados, autoridades e todas aquelas persoas interesadas en participar, aos **ACTOS PROGRAMADOS** para o **mércores día 3 de Outubro** a partires das 16:30h no recinto do Poboado de Fontao, en Vila de Cruces.

MÉRCORES 3

“VISITA GUIADA”

ás 16:30h

Visita guiada polo arquitecto director das obras de rehabilitación, D. Eugenio Jimenez Passolas, segundo proxecto redactado polo estudio Enrique Barreiro Arquitectos, ás instalacións que conforman o conxunto do Poboado Mineiro de Fontao.

“COLOCACIÓN DUNHA PLACA NO ANTIGO EDIFICIO DO CINE”

ás 18:00h, no edificio do auditorio (antigo Cine)

acompañados das autoridades asistentes, e o Director do Museo Mineiro de Fontao, procederase á:

- colocación dunha placa no antigo edificio do Cine, outorgada polo D.O.C.O.M.O.M.O Ibérico (documentación e conservación da arquitectura e o urbanismo do movemento moderno) e que confirma o conxunto do Poboado Mineiro coma obra destacada do Movemento Moderno, describíndoo coma *“..un coherente conxunto, que fai de O Fontao unha das obras máis singulares e valiosas do patrimonio moderno.”*

“DEDICACIÓN DA PRAZA DO CINE” do Poboado

dedicación ao arquitecto **D. Joaquín Basilio Bas**, co descubrimento dunha placa co nome do mesmo.



ACTIVIDADES DMA 2012

SANTIAGO

Nesta ocasión, a Comisión de Cultura da Delegación de Santiago decidiu destacar o **Polígono de Vite**, obra de **Julio Cano Lasso**, por plasmar de forma modélica os valores transformadores e xeradores da arquitectura na cidade, e a súa capacidade de interactuar cos que a habitan.

AXENDA DE ACTOS, SEMANA DO 1 AO 5 DE OUTUBRO.

Co gallo desta celebración, queremos convidaros a unha serie de actos que terán lugar durante toda a semana, e que resumimos a continuación:

LUNS 1:

“CELEBRACIÓN NO POLÍGONO DE VITE”

12'00 horas: Encontro no Salón de Actos do Centro Sociocultural do barrio de Vite

“José Saramago” (Rúa Carlos Maside nº 7) coa intervención de:

- D. Alfredo Santomil, Presidente da Asociación de Veciños do Polígono de Vite.
- D^a.María Pardo Valdés, concelleira de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica do Concello de Santiago.
- D^a. Ana M^a Domínguez Laiño, Presidenta da Delegación de Santiago .
- D^a María del Pilar Pintos Vázquez-Quirós, viúva de Julio Cano Lasso

12'45 horas: Colocación da placa conmemorativa.

13'00 horas: Percorrido guiado polo polígono, con parada nas Vivendas de San Caetano e finalización no Auditorio de Galicia, ambas obras de Julio Cano Lasso.

“CELEBRACIÓN NA SEDE COLEXIAL”

20'00 horas: Reflexión sobre a capacidade transformadora do arquitecto na cidade.

20'30 horas: Presentación da proxección “Fotografías de Arquitectura Contemporánea en Santiago de Compostela”, do fotógrafo Fuco Reyes.

MARTES 2

“O MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS”. Charla

no Museo das Peregrinacións, Praza de Platerías, ás 19'30 horas.

Charla impartida por **Manuel Gallego Jorreto** sobre o **Museo das Peregrinacións**, organizada polo Consorcio da Cidade de Santiago, coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

XOVES DÍA 4:

“PROXECCIÓN E ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE CURTAMETRAXES TRIPOMANT NA CIDADE”

En O Ensanche Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal, Rúa Frei Rosendo Salvado nº 12-14 baixo, ás 19'00 horas.

Organizada por k2c Arquitectas, coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

DO MARTES 2 AO VENRES 5.

**PROYECCIÓN CONTINUA DA MONTAXE “FOTOGRAFÍAS DE ARQUITECTURA
CONTEMPORÁNEA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA”**

no Salón de Actos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Praza da Quintana nº 3, baixo
exposición do fotógrafo Fuco Reyes.

Horario: de 10’00 a 20’00 horas, excepto martes e xoves, que pechará ás 18’30 para dar paso
aos outras citas previstas.



A celebración do Día Mundial da Arquitectura se traslada, na Delegación de Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, ao **mércores 3 de outubro**. Esta xornada, que se celebra baixo o título "El arquitecto como transformador de la cidade", centrarse na educación

MIÉRCOLES 3

"VISITA GUIADA DE GRUPOS DE ALUMNOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA"

a algúns dos edificios máis sobresaíntes do centro da cidade, expoñendo a relación entre o tecido urbano e a capacidade de consolidación, mellora e transformación do mesmo dos edificios singulares.

"OLLOS AO MURO". Actividade

na praza Doutor Cadaval, fronte ao edificio da delegación

Os escolares poderán interactuar graficamente coas imaxes dalgúns destes edificios. Entre estas visitas, a sala de exposicións estará aberta tamén ao público en xeral.

O recorrido urbano incluírá, de forma destacada, algúns dos **edificios incluídos nos rexistros do DOCOMOMO ibérico**, ao redor dos que xira a celebración deste ano.



Club Náutico



Edificio Plastibar